

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Por Resolución da Alcaldía núm. 44/2022 de data 17 de marzo de 2022 efectuouse a convocatoria e aprobáronse as bases para a contratación de 3 peóns de albanel para a realización de obras e servizos mínimos no Concello de Rois baixo a modalidade de contrato de traballo temporal de obra ou servizo determinado conforme ás bases do Programa de Integración Laboral para a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes na anualidade 2022 PEL CONCELLOS, liña 1.1. Contratación de persoas desempregadas para prestación de servizos en concellos (BOP núm. 18 do 27 de xaneiro de 2022) da Deputación da Coruña.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, por resolución da alcaldía núm. 50/2022 do 25 de marzo de 2022 fixouse a data e o horario de celebración da entrevista persoal.


Logo de celebrar a entrevista persoal e valorados os méritos achegados polos aspirantes, o tribunal cualificador propón o nomeamento dos tres aspirantes con maior puntuación e a listaxe de agarda (acta do 29 de marzo de 2022).

Polo anteriormente exposto,

RESOLVO:

**Primeiro.-** Publicar a puntuación total obtida polos aspirantes no proceso de selección de 3 peóns de albanel

ASPIRANTE	TOTAL CONCURSO DE MÉRITOS	ENTREVISTA PERSOAL	TOTAL
VILARIÑO QUINTANS RICARDO	4,50	3,50	<b>8,00</b>
RODRIGUEZ RIVAS CARLOS JUAN	2,60	3,00	<b>5,60</b>
DOMINGUEZ BLANCO ISAAC	1,00	3,50	<b>4,50</b>
VILLAR GARCIA JORGE	0,60	3,80	<b>4,40</b>
SOUTO IGLESIAS JOSE	2,00	2,30	<b>4,30</b>
GUERRA UZAL JUAN CARLOS	2,60	1,60	<b>4,20</b>
CALO CASTIÑEIRA SANTIAGO	1,80	2,00	<b>3,80</b>
CASTRO GONZALEZ MARIO JOSE	0,25	3,50	<b>3,75</b>
VAAMONDE FERREIROS JAVIER	0,60	2,00	<b>2,60</b>
REGUEIRO FERREIRA MANUEL	3,35	NP	<b>0,00</b>



**Segundo.-** Nomear para 3 postos de peón de albanel a

VILARIÑO QUINTANS RICARDO  
RODRIGUEZ RIVAS CARLOS JUAN  
DOMINGUEZ BLANCO ISAAC

**Terceiro.-** Constituír unha listaxe de agarda para o posto de peón de albanel por esta orde:

1. VILLAR GARCIA JORGE
2. SOUTO IGLESIAS JOSE
3. GUERRA UZAL JUAN CARLOS
4. CALO CASTIÑEIRA SANTIAGO
5. CASTRO GONZALEZ MARIO JOSE
6. VAAMONDE FERREIROS JAVIER

**Cuarto.-** Notificar a presente resolución aos aspirantes

**Quinto.-** Publicar a presente resolución do taboleiro de anuncios e na páxina web do concello.

Documento asinado electronicamente

O alcalde                      O secretario

Ramón Tojo Lens      Diego Losada Romero